

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020143	de Poio	Poio	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1341	Empresa e iniciativa emprendedora	2022/2023	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LAURA FERNÁNDEZ SASIÁIN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Real Decreto 402/2020, do 25 de febreiro, establece o título de Técnico en Guía no medio natural e de tempo libre.

Este módulo profesional contén a información necesaria para que os alumnos poidan desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto para o autoemprego como para asumir responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo contribúe a acadar os obxectivos xerais s), t), u), w), x) e y) do ciclo formativo, e as competencias r), s), t), v) y w) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten acadar os obxectivos do módulo tratarán sobre:

- O manexo das fontes de información sobre o sector do turismo activo e a educación non formal, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.
- A realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes dos emprendedores e axustar a necesidade dos mesmos ó sector dos servizos relacionados cos procesos de actividades recreativas e de educación non formal.
- A utilización de programas de xestión administrativa para pemes do sector.
- A realización dun proxecto de plan de empresa relacionada con turismo activo e educación non formal que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio, así como a xustificación da súa responsabilidade social.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A INICIATIVA EMPRENDEDORA	Recoñeceranse as capacidades da iniciativa emprendedora e as principais fontes das ideas emprendedoras.	10	15
2	A EMPRESA E O SEU CONTORNO	Coñecerase o funcionamento e tipos de empresas, analizarase o seu contorno e identificaranse os factores de localización.	15	20
3	CREACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA EMPRESA	Identificaranse as distintas formas xurídicas e as obrigas fiscais. Elaborarase o plan de empresa.	23	40
4	A XESTIÓN DA EMPRESA	Analizaranse as necesidades de financiamento das empresas, conceptos contables básicos e trámites administrativos.	15	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A INICIATIVA EMPRENDEDORA	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector do turismo activo e a educación non formal
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito recreativo, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade das actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector do turismo activo e a educación non formal.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito recreativo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A EMPRESA E O SEU CONTORNO	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa relacionada coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre en función da súa posible localización
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen
CA2.8 Identifícaronse, en empresas relacionadas coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre, prácticas que incorporen valores éticos e sociais
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa relacionada coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa relacionada coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa relacionada coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre: clientela, provedores/as, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.



Contidos

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	CREACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA EMPRESA	23

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector do turismo activo e a educación non formal
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa
CA3.6 Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas relacionadas coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre tendo en conta a súa localización
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresariado.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa relacionada coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A XESTIÓN DA EMPRESA	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais)
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, notas provisórias e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa relacionada coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector do turismo activo e a educación non formal.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa relacionada coas actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos exigibles para acadar os obxectivos e os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Xustificación da idea.
 - Identificación dos diferentes instrumentos do marketing-mix.
 - Características do empresario individual, sociedade anónima e sociedade limitada.
 - Modalidades de contratación.
 - O salario e a nómina.
 - Documentación mercantil.
 - As contas anuais: balance e conta de resultados
 - O punto morto.
 - Clasificación das fontes de financiamento.
 - O plan financeiro.
 - Trámites de constitución dunha pequena empresa.
 - Obrigas fiscais.
 - O IRPF, o IVE e o IS.
 - Elaboración dun plan de empresa.

A avaliación será contínua e integral, centrándose nos contidos establecidos.

En canto o sistema de cualificación, o resultado das avaliación será numérica, entre 1 e 10 sen decimais, considerándose negativas as inferiores a 5 puntos.

En cada avaliación a cualificación obterase a partir da análise dos xa citados criterios e instrumentos de avaliación, tendo en conta concretamente:

- As probas escritas representarán un 80% da cualificación final, debendo acadar un mínimo de 5 para considerarse superadas. Cando unha proba conste dunha parte teórica e unha parte práctica claramente diferenciadas, será necesario superar ámbalas dúas partes. Se nun trimestre se realizase máis dunha proba farase unha media das que superen a nota mínima de 4.

- A observación directa, traballos e as exposicións orais, representarán un 20% da cualificación final.

Aqueles alumnos que non superen unha avaliación terán a oportunidade de recuperala trimestralmente, e aqueles equipos que non entregaran en prazo ou non acadaran unha nota mínima de 5 no plan de empresa, poderán revisalo e volver presentalo. Asemade haberá un exame final para aqueles alumnos que tiveran algunha avaliación pendente.

Cando un alumno non se presente a unha proba, ou non realice as tarefas propostas por non asistir a clase, deberá xustificar as faltas e terá un prazo para realizalas, en caso de non facelo a cualificación correspondente sería cero. As faltas reiteradas de asistencia, aínda xustificadas, implicarán que o alumno deba elaborar o plan de empresa de xeito individual.

A cualificación final do curso obterase da seguinte forma:

- Unha media das cualificacións das tres avaliacións superadas, que representará un 60% na cualificación final do curso.

- O plan de empresa que representará un 40% na cualificación final, sempre que acadese unha nota mínima de 5 e sexa entregado no prazo establecido.

A utilización de procedementos non autorizados pola profesora na realización das correspondentes probas, traballos ou exposicións, suporá que non se terá en conta a efectos de cualificación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os estudantes que non superen algunha das partes desta programación recibirán un apoio específico, tendo en conta as súas necesidades, que consistirá en actividades de reforzo e autocorrección, e probas de recuperación trimestrais para tratar de superar as partes pendentes. Asemade terán dereito a unha proba final para recuperar as partes pendentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que por exceder o límite de faltas establecido legalmente perda o dereito á avaliación continua deberá ser avaliado mediante un proceso extraordinario. Neste proceso de avaliación, que terá lugar nunha data a determinar polo centro en marzo ou en xuño, os estudantes deberán demostrar mediante unha proba escrita que acadaron os obxectivos xerais e os contidos mínimos establecidos na programación, asemade deberán presentar un plan de empresa orixinal, seguindo o guión que previamente lles será facilitado.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Con carácter mensual se procederá a analizar o cumprimento da programación, tendo en conta fundamentalmente a consecución dos obxectivos establecidos para cada unidade así como a temporalización. Esta análise realizarase pola profesora do módulo de forma individual e tamén será valorada conxuntamente nas correspondentes reunións do equipo docente do ciclo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

É frecuente que o alumnado dun mesmo grupo presente diferenzas importantes entre eles, debido fundamentalmente a súa diferente capacidade de aprendizaxe, coñecementos previos, e mesmo intereses. Por iso, e na medida do posible, utilizaranse estratexias de diversificación para abordar ditas diferenzas.

Estas diferenzas, que neste ciclo derivanse fundamentalmente da forma de acceso ó mesmo (Formación profesional básica, ESO, proba de acceso.), tratarán de identificarse mediante a realización dunha proba escrita para determinar coñecementos previos e competencia lingüística principalmente.

Seguiranse todos os protocolos establecidos pola Consellería de Educación en relación coa atención á diversidade, así como as recomendacións do Departamento de Orientación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Estas estratexias consistirán nunha axuda individualizada ós estudantes con maiores dificultades e na utilización de recursos didácticos diferentes en función das súas necesidades, respectando o establecido nos diferentes protocolos da Consellería de Educación, e atendendo ás recomendacións do departamento de Orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os principais valores que tratarán de transmitirse no desenvolvemento desta programación serán os seguintes:

- Valorar a análise e xustificación das ideas como fundamental á hora de proxectar un negocio.
- Importancia da toma de decisións e da iniciativa.
- Favorecer unha actitude positiva e activa de cara á búsqueda de alternativas no mercado laboral.
- Valorar a importancia da organización na empresa.
- Comprender a importancia da información na xestión empresarial.
- Recoñecer o importante papel económico e social das empresas.
- Rigurosidade na formalización de documentos.
- Valoración e cumprimento das normas legais.
- Promover a igualdade de xénero.
-

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias extraescolares están moi condicionadas polas dificultades de financiamento no centro. O elevado custo do transporte para a realización de saídas didácticas e o escaso presuposto do centro dificulta a súa realización. Non obstante tratarase de contar coa asistencia de profesionais no ámbito da emprendemento, visitar algunha empresa da zona e participar en todas aquelas actividades, propostas polo centro ou outros organismos, nas que sexa posible.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

Os diferentes contidos serán expostos pola profesora coa axuda do libro de texto de referencia e diversos recursos didácticos, tendo en conta na medida do posible a atención á diversidade e a competencia inicial do alumnado. Como apoio vaise empregar a aula virtual, para facilitar o seguimento do curso a aqueles estudantes que con causa xustificada non poidan asistir a clase, e tamén para aqueles que falten nun momento puntual de xeito tamén xustificado.

As exposicións teóricas complementarase coa resolución de supostos prácticos e as actividades necesarias para que a aprendizaxe sexa significativa, de xeito que os estudantes establezan vínculos entre os novos coñecementos e os coñecementos previos.

Fomentarase a participación activa do alumnado no desenvolvemento das clases e o traballo en grupo, así como a súa capacidade de aprender a aprender e a autonomía persoal.